

GUÍA DE ORIENTACIÓN ESTUDANTES CON DISLEXIA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Introdución

A dislexia é unha incapacidade de orixe neurobiolóxico que presentan algunhas persoas para ler e escribir correctamente, sen ter, por outra parte, unha discapacidade intelectual, motriz, visual ou en calquera outro ámbito que explique mellor o devandito trastorno. A característica fundamental é unha dificultade para adquirir e usar a lectura e a escritura.

Dende a perspectiva educativa, a dislexia é un trastorno específico da aprendizaxe da lectura de base neurobiolóxica, que afecta de maneira persistente á decodificación fonolóxica (exactitude lectora) ou ao recoñecemento de palabras (fluidez e velocidade lectora). E isto interfere no rendemento académico cun atraso lector de polo menos dous anos. Adoita ir acompañado de problemas na escritura. Dáse en persoas cun desenvolvemento cognitivo ou intelixencia normal ou alta. É un trastorno que non se pode explicar por discapacidade sensorial, física, motora ou intelectual, nin por falta de oportunidades para a aprendizaxe ou factores socioculturais.

Os problemas que presenta o alumnado con dislexia na aula concréntanse en distintas áreas: pensamento, fala, lectura, escritura, deletreo ou dificultade para manexar símbolos matemáticos. É un importante factor de abandono da vida académica e a máis frecuente das dificultades na lectura e na aprendizaxe.

Adoita estar asociada ao trastorno do cálculo e da expresión escrita, problemas de atención, que poden acompañarse de impulsividade. Tamén poden aparecer problemas emocionais e de conduta.

Causas e tipos de dislexia

Algúns autores e autoras distinguen entre os conceptos de dislexia adquirida e dislexia evolutiva.

A dislexia adquirida é a que sobrevén tras unha lesión cerebral concreta, mentres que a dislexia evolutiva é a que se manifesta no alumno ou alumna que de forma inherente presenta dificultades para alcanzar unha correcta destreza lectora, sen unha razón aparente que o explique.

Principais dificultades

É unha síndrome que se manifesta de múltiples formas. A maioría das persoas con dislexia teñen algún tipo de déficit auditivo/fonolóxico, viso-espacial ou psicomotor.

Sempre se presentarán:

- Dificultades na linguaxe escrita.
- Serias dificultades na ortografía.
- Lenta aprendizaxe da lectura.
- Dificultades para comprender e escribir segundas linguas.

A miúdo, poderán manifestarse:

- Dificultades en matemáticas, especialmente na aprendizaxe de símbolos e series de cifras, como as táboas de multiplicar, problemas de memoria a curto prazo e de organización.
- Atrancos para seguir instrucións e secuencias complexas de tarefas.
- Problemas de comprensión de textos escritos.
- Flutuacións moi significativas de capacidade.

Ás veces, en función do tipo de dislexia ou de como esta afecte o alumno ou alumna, poden presentarse:

- Dificultades na linguaxe falada.
- Problemas de percepción das distancias e do espazo.
- Confusión entre a esquerda e a dereita.
- Atrancos co ritmo e coas linguaxes musicais.

A dislexia amosa unha sintomatoloxía común, pero non necesariamente acumulada. Poden manifestarse, a modo de aproximación, algunhas das seguintes características.

As características disléxicas

Poden ser diversas segundo os casos e os niveis afectados:

- Plano perceptivo: dificultades para identificar e discriminar grafemas e fonemas.
- Proceso léxico: problemas na recuperación das palabras, tanto ao lelas coma ao escribilas (inversións, rotacións, omisións, substitucións e erros de ortografía arbitraria).
- Proceso sintáctico: atranco na lectura para interpretar de forma correcta as oracións e, no ámbito expresivo, dificultades na adecuación dos diferentes papeis sintácticos e na ordenación dos compoñentes da oración.
- Proceso semántico: problemas na comprensión dun texto e na planificación e a calidade de textos escritos.

Todo iso deriva en dificultades para ler palabras novas, lectura lenta, aparición de erros na escritura, tales como omisión de letras ou separación de palabras. En canto á composición escrita, aínda que sexa rica en contido, pode fallar na estrutura do texto.

Adaptacións na universidade

A dislexia supón unha alteración no desenvolvemento da capacidade lectora que, a miúdo, vai acompañada de disortografía (conxunto de erros da escritura que afectan a palabra).

Medidas de atención á diversidade. Orientacións ao profesorado

a) Para a mellora dos aspectos curriculares ou académicos

1. Proximidade na súa localización na aula (o máis preto posible do profesor ou profesora e do encerado).
A proximidade cos centros de interese (o encerado, o/a docente etc.) facilítanlle unha atención máis focalizada, máis dirixida, axudando ademais o/a docente a controlar e a supervisar a realización da tarefa. Aumenta a súa motivación.
2. Verificar que comprendeu o material escrito que vai manexar; explicarllo verbalmente.
3. Abundar na avaliación oral dos coñecementos do alumnado. Se o medio de información máis eficaz para a/o estudante é a linguaxe falada, tamén poderá ser un bo medio para avalialo.
4. Informalo/a de cando lerá en voz alta na clase, así como dos resultados que se esperan. É preciso diminuír, de maneira significativa, a frecuencia de lectura en voz alta. Pero é importante que a/o estudante manteña a expectativa de poder demostrar o que aprende, aínda que sexa máis lentamente.
5. Amosarlle o noso interese por el ou ela e polas súas aprendizaxes:
 - Facerlle ver que estamos pendentes non para corrixilo/a, senón para axudalo/a.
 - Lembrarlle o que fai ben, preguntarlle polas súas dificultades concretas mentres realiza un exercicio, animalo/a ante esas dificultades, explicarlles e apoialo/a.
6. É conveniente ser flexible cando se lles esixe unha correcta ortografía e un uso adecuado dos signos de puntuación, xa que son tarefas que resultan moi complexas para estas persoas –é a parte máis formal da linguaxe escrita e resúltalle moi dificultosa–. A este alumnado,

sinxelamente, cústalle automatizar as regras ortográficas, aínda que as coñeza teoricamente.

7. Establecer criterios para o seu traballo en termos concretos que poida entender:
 - Avaliar os seus progresos en comparación con si mesmo ou mesma.
 - Axudalo/a nos traballos nas áreas que necesita mellorar.
 - Darlle tempo para organizar os seus pensamentos e para organizar o seu traballo.
8. Na medida do posible, non facelo/a escribir no encerado ante toda a clase.
9. Favorecerlle o acceso e o uso da informática ou de aparellos electrónicos. Os medios informáticos poden ser de grande axuda en canto á corrección ortográfica.
10. Non dudar en repetirlle e explicarlle as cousas as veces que sexa necesario.
11. Escribir e escoitar (ditado ou apuntamentos) simultaneamente pode resultarlle moi difícil. O uso de esquemas e de gráficos nas explicacións da clase permítenlle ao/á estudante unha mellor comprensión e favorecen unha mellor funcionalidade da atención.

b) Para a mellora psicolóxica, social e emocional do alumnado

A poboación con dislexia adoita agravar o seu problema coas consecuencias psicolóxicas que lle produce a propia situación que viven no día a día; de feito, moitos deles/as derivan en depresión, ansiedade, baixa autoestima etc. Por este motivo, é importante:

- Demostrarlle que se coñece o seu problema e que se lle vai axudar.
- Valorar os traballos polo seu contido, sen considerar os erros de escritura.
- Facerlle ver e destacarlle os aspectos bos dos seus traballos.
- Saber que require máis tempo que as/os demais para terminar as súas tarefas.
- Aceptar que se distraia con maior facilidade ca o resto de compañeiros e compañeiras, xa que as tarefas de lectoescritura levan un esforzo maior.
- Demostrarlle interese pola súa maneira de funcionar nas tarefas.
- Non frear a súa imaxinación.
- Darlle unhas bases sólidas de metodoloxía e de organización da tarefa.
- Nada de piedade, pero si indulxencia e perseveranza.
- Darlle outras responsabilidades alternativas dentro da clase.
- Estimulalo/a constantemente sen bloquealo/a psicolóxicamente.
- É fundamental ser consciente da necesidade de que se desenvolva a súa autoestima.

Intervención individualizada: a adaptación curricular

Unha das medidas educativas destinadas ao alumnado con dislexia son as adaptacións curriculares. Para este estudantado, ao non ser considerado como alumnado con necesidades educativas especiais, as adaptacións que se realicen non son significativas, tales como:

- a) Ofrecerlle alternativas ao ensino mediante o texto escrito, por exemplo, a través da canle auditiva ou visual.
- b) Dotalo de medios informáticos e tecnoloxía asistida.
- c) Aumentar o tempo requirido para realizar certas tarefas que impliquen a linguaxe escrita, por exemplo: os exames.

Estas adaptacións son necesarias e, aínda que non teñen legalmente que recollerse no expediente do/a estudante, no caso do alumnado con dislexia si que podería ser importante que se acheguen.

Adaptacións para realizar os exames

- Incremento do tempo nun 25-50 %.
- Realización da proba por computador para que o procesador de textos sinala automaticamente as faltas de ortografía nas materias que sexa posible.
- Transcrición de exames.
- Dotación de recursos e ferramentas como calculadora parlante ou dicionario.
- Lectura en voz alta por outra persoa ou cun programa de lector de pantalla tanto das preguntas coma das respostas.
- Lectura rápida do exame por parte do profesorado e solicitude de aclaracións se hai algo do escrito que non se entenda ben.
- Papel de cor ou seccións en cor.
- Pautas de actuación docente.

Protección de datos

Tal como se recolle no artigo 3 de protección de datos de carácter persoal do Regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo, todos os datos persoais, académicos e clínicos das persoas obxecto do citado regulamento trátanse de conformidade co establecido legalmente.